



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 14 DE FEBREIRO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as doce horas do día catorce de febreiro de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar A. García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE
D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D.^a LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ
D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY

Polo grupo municipal do PP:

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
D.^a MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL
D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D.^a SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común)
D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Non asisten á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros, e o Sr. concelleiro do grupo político do PSdeG-PSOE, don Diego Alcantarilla Rei.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 14 de febreiro de 2023, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202302141100250000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO. RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O EXERCICIO 2023 E CADRO DE PERSOAL

Acceso á videoacta – 00:00:10 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de febreiro de 2023 (CVD: YsAppIpcHI/9YbCaesW4), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión extraordinaria de data 9 de febreiro de 2023, que transcrita di:

“PROPOSTA

Proposta de desestimación das alegacións presentadas fronte ao acordo de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2023 e aprobación do cadro de persoal para o exercicio 2023

En sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2022, o Pleno da corporación aprobou inicialmente o orzamento para o exercicio 2023, xunto cos seus anexos e Bases de execución por importe de 20.279.292,22 euros, así como o cadro de persoal do concello de Cambre para o ano 2023.

Dito acordo foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 1, de data 2 de xaneiro de 2023, presentándose alegacións no período de exposición pública pola UNION SINDICAL NACIONAL DE GALICIA DE LA UNION SINDICAL OBRERA con CIF G15380033 con data 24 de xaneiro de 2023 e núm. de rexistro de entrada no concello de Cambre 20239000000286.

Vistas as alegacións presentadas á aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Considerando o informado polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime interior con data 31 de xaneiro de 2023 (CVD: 4aQyr5IF3EAEM2N1+ygX), o cal ademais de ser desestimatorio da reclamación presentada, indica que é necesario incluír no cadro de persoal unha praza de Axente de Desenvolvemento local, sen praza no actual Cadro de Persoal, cuxo posto está incluído nos procesos de estabilización de emprego temporal de longa duración regulados na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e na oferta de emprego público deste concello para o 2022:

« (...) FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º) Os mesmos recollidos no meu anterior Informe previo á aprobación inicial do Cadro de Persoal de data 13 de decembro de 2022, xunto co artigo 20 da Lei 31/2022 de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

2º) A reclamación presentada polo sindicato U.S.O. na exposición pública do Orzamento e do Cadro de Persoal baséase en que resulta ilegal este último “en canto procede a incorporación dun segundo inspector no corpo da Policía Local de Cambre” pretendéndose con elo “legalizar” o nomeamento do xefe da Policía Local pero sen dar argumento xurídico algún para opoñerse á incorporación ao Cadro de Persoal de dita nova praza, incluso considérase polo

reclamante máis operativa a creación dunha terceira praza de oficial da Policía Local, en contra pois do criterio do artigo 20.1 da Lei 31/2022 de Orzamentos Xerais do Estado para o 2023, que reproduce o artigo 20 da Lei 22/2021 de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022, de que a incorporación de novo persoal suxeitarase á taxa de reposición de efectivos, á que non se suxeita unha nova incorporación como xa se indica no Informe do que este subscribe antes aludido e ao que me remito.

Polo que dita reclamación debería de ser desestimada al non estar baseada en fundamento de Dereito algún e reclamar incluso unha terceira praza de Oficial.

3º) Por outra parte, e habida conta de que un posto de Axente de Desenvolvemento Local, sen praza no actual Cadro de Persoal, está incluído nos procesos de estabilización de emprego temporal de longa duración regulados nas Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e por iso incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2022, faise necesario incluír esta praza no Cadro de Persoal para regularizala.

Por elo, e sen prexuízo do informe desfavorable emitido o pasado 13 de decembro ao Cadro de Persoal no que ás prazas de inspector refírese e ao que me remito, proponse, ademais da desestimación da reclamación aludida polos argumentos expostos, incrementar a tres o número das dúas prazas de Axente de Desenvolvemento Local hoxe existentes no Cadro de Persoal deste Concello. »

Considerando o informe emitido polo interventor municipal de data 31 de xaneiro de 2023 (CVD: kLbnY4bmts5+a/ATb4qo), do seguinte tenor literal:

« (...) I. ANTECEDENTES.

- O pleno do Concello de Cambre aprobou, en sesión ordinaria celebrada o 29/12/2022 o Orzamento para o ano 2023.
- Se leva a cabo a publicación no BOP de A Coruña número 1 de data 02/01/2023 iniciándose ó día seguinte o prazo para presentar alegacións contra a aprobación inicial, sendo o prazo de 15 días.
- Con data 24 de xaneiro de 2022 presentase por parte da UNION SINDICAL NACIONAL DE GALICIA DE LA UNION SINDICAL OBRERA con CIF G15380033, reclamacións contra a aprobación inicial do orzamento 2023.
- Informe do xefe da Area de Urbanismo e Réxime interior de data 31 de xaneiro de 2023 (CVD: 4aQyr5IF3EAEM2N1+ygX), no que se propón a desestimación das alegacións presentadas así como incrementar a tres o número das dúas prazas de Axente de Desenvolvemento Local hoxe existentes no Cadro de Persoal deste Concello.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Artigos 162 a 171 e 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aprobouse o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante).
- Artigos 2 a 16 e 18 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/88, reguladora das facendas locais.
- Artigo 97.5 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

III. INFORME.

1. Competencia para presentar alegacións. Segundo o indicado no artigo 170 do TRLRFL terán a consideración de interesados:

- a) *Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*
- b) *Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- c) *Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.*

Entendemos que o sindicato Unión Sindical Obrera (USO) pode **considerarse competente** de acordo o punto c) de este artigo.

3.2. Causas admisibles de reclamación ó orzamento. O propio artigo 170 do TRLRFL no seu apartado segundo, establece que unicamente se poderán presentar reclamacións polos seguintes motivos:

- a) *Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos.*
- b) *Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de las obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*
- c) *Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de éstos respecto a las necesidades para las que están previstos.”*

Debe de terse en consideración que a xurisprudencia reconece que, a falta de axuste ós motivos de impugnación previstos no citado artigo non poden, en ningún caso, erixirse como causa de inadmisión do recurso senón no seu caso como causa de desestimación.

3. Reclamación.

3. 1. Reclamación primeira.

- **Motivo da reclamación por parte de Sindicato USO.** Que a incorporación de un segundo inspector no Corpo da Policía Local é innecesario por existir unha sentenza desfavorable do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de A Coruña. O sindicato entende que a pretensión do goberno é legalizar “*pola porta de atrás*” o nomeamento de J.A.P.G. como Xefe da Policía Local, antes de que a Sala do Contencioso- Administrativo do TSXG resolva o asunto. Entenden mais adecuada a creación de unha terceira praza de Oficial dentro do corpo da Policía Local.
- **Motivo no que tendería encaixe legal dentro dos existentes do artigo 170 TRLRFL.** *Sen encaixe*
- **Consideración da intervención municipal sobre alegación proposta.** Trátase de consideracións de oportunidade sen alegar defectos concretos na tramitación ou omisións de crédito para cumprir con compromisos de gasto concretos.

4.- Proposta do xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior

En canto a proposta do xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior relativa a *incrementar a tres o número das dúas prazas de Axente de Desenvolvemento Local hoxe existentes no Cadro de Persoal deste Concello*, tendo en conta o fundamento xurídico 3º) do seu informe, non se formulan obxeccións ao respecto.

IV. CONCLUSIÓNS.

En consecuencia, de acordo co indicado neste informe, **procede que o Pleno do Concello de Cambre desestime a reclamación da UNIÓN SINDICAL NACIONAL DE GALICIA DE LA UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO)**, procedendo a continuar ca tramitación do orzamento conforme ó indicado no informe de intervención, así como do cadro de persoal coa modificación proposta polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime interior. (...)»

Tendo en conta o disposto no artigo 169 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas pola UNION SINDICAL NACIONAL DE GALICIA DE LA UNION SINDICAL OBRERA con CIF G15380033 con data 24 de xaneiro de 2023 e núm. de rexistro de entrada no concello de Cambre 20239000000286, fronte ao acordo de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2023, e aprobación do cadro de persoal para o exercicio 2023, en base aos fundamentos xurídicos sinalados no informe do Xefe da Area de Urbanismo e Réxime interior de data de 31 de xaneiro de 2023 e no informe da intervención da mesma data.

Segundo: Aprobar definitivamente o orzamento xeral para o exercicio 2023 e o cadro de persoal para o dito exercicio coa inclusión dunha praza máis de Axente de Desenvolvemento local.

Terceiro: Publicar o orzamento xeral para o exercicio 2023 definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia tal e como establece o artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004.

Cuarto: Publicar no Boletín oficial da provincia, o cadro de persoal do concello de Cambre para o 2023 aprobado polo pleno da Corporación con data 29 de decembro de 2022, incluíndo a modificación proposta polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior, a fin de cumprir co proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración regulado na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incrementando a tres o número das dúas prazas de Axente de Desenvolvemento Local existentes, tal e como se transcribe a seguir:

CADRO PERSOAL 2023

FUNCIONARIOS

Denominación da Praza	PAZAS	GRUPO-SUBGRUPO	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación estatal	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Axente de desenvolvemento local	3	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Técnico de promoción económica	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financeira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Traballadora social	3	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	2	A2	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Coordinador deportivo	1	B	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Oficial policía local	2	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Administrador sistema informático	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Informático auxiliar	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar monitora 3ª idade	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Axente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Conserxes	16	Outras agrupacións profesionais	Administración Xeral	Subalterna	
Capataz de brigada de obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Oficial obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Operario parque móbil e inmobles	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais.
Operario condutor	2	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Operario servizos	3	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Asistente domiciliaria	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
PERSONAL EVENTUAL					
Denominación posto de traballo			Número de prazas		
Asesor/a Alcaldía			2		
Secretaria/o obras e servizos			1		
Secretaria/o de benestar social			1		
Asesor/a de patrimonio			1		
RESUMO					
Persoal funcionario			134		
Persoal eventual			5 (un ao 50% da xornada)		

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de febreiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto e Parceró Quiñoy.

Votos en contra: Oito (8), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites e Santos López.

Abstencións: Unha (1), da Sra. García Hidalgo.



Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de febreiro de 2023 (CVD: YsApplpCHl/9YbCaesW4), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, do fe.

Vº e prace
O presidente
(Asinada dixitalmente)

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo